

AUGA ■ A principios desta semana situábanse nun 48,13%, o que supón 20 puntos porcentuais menos que en agosto deste ano ■ Medio Ambiente garante o abastecemento nos principais núcleos galegos malia a escaseza de choivas

A reserva nos encoros é 25 puntos menor que a de novembro do 2006



O conselleiro de Medio Ambiente, Manuel Vázquez, segundo pola dereita, nas xornadas de oite

A comunidade conta na actualidade con arredor de 500.000 aproveitamentos hídricos a través dos seus pozos e os mananciais

Redacción e axencias - Santiago

O titular de Medio Ambiente, Manuel Vázquez, asegurou onte que a pesar da falta de choivas, a medio prazo o abastecemento de auga ós grandes núcleos está garantido, aínda que indicou que se están tomando medidas ante hipotéticos problemas e pediu racionalidade no uso da auga.

Así se pronunciou o conselleiro na inauguración das xornadas *As augas Subterráneas en España ante as directivas europeas*, na que destacou que Galicia conta con preto de 500.000 aproveitamentos hídricos a través de pozos e mananciais.

Vázquez recoñeceu que as augas subterráneas de Galicia "son as grandes esquecidas", poio que avanzou que a Xunta está traballando na implantación da Directiva de Augas Subterráneas da Unión Europea (UE), aprobada en decembro de 2006. O titular de Medio Ambiente asegurou que a calidade dos aproveitamentos é "difícil de garantir", xa que contan con pouca profundidade fronte á contaminación en superficie.

Desde a Consellería recoñécese que as augas subterráneas "nunca foron un verdadeiro obxecto de estudo e control por parte da administración", pero que, nos últimos

anos, se lle deu un impulso ó seu estudo de xeito integral.

Polo que respecta ás reservas de auga, a ocupación media dos encoros galegos era do 48,13 por cento a comezos desta semana, 25 puntos porcentuais por baixo do ano pasado por estas mesmas datas e 20 puntos menos que a ocupación que rexistraban as presas da comunidade a mediados de agosto deste ano, en pleno verán.

En concreto, a conca do Miño-Sil atópase lixeiramente por riba da metade da súa capacidade (53,18%), cando hai un ano superaba os tres cuartos. No caso da conca Galicia-Costa, non chega ó 35 por cento na actualidade, mentres que doce meses antes tiña o dobre de reservas (71,52%). A redución é menor na conca do Limia, que está

Sen medios para unha seca forte

Segundo Manuel Vázquez, a falta de choivas das últimas semanas "pon en evidencia que en Galicia non temos capacidade para soportar unha seca de dous meses fóra de tempo". O conselleiro recoñeceu que pode haber problemas puntuais en núcleos con pouca infraestrutura de acumulación, pero que a Xunta "está traballando en sistemas de prevención" e preparada para, en calquera momento, "pór en marcha unha serie de medidas", incicou.

ó 31,68 por cento (41,85% en novembro do ano 2006).

Así, a comunidade galega conta cun total de 1.531,39 hectómetros cúbicos de auga encorada, segundo datos de Augas de Galicia. A maior parte atópase na conca do Miño-Sil, con 1.239 hectómetros cúbicos; fronte ós 239,24 hm³ dos que dispón a conca Galicia-Costa e os 52,33 da Limia.

En canto ós encoros que abastecen a poboación das cidades, a ocupación media é do 56,6 por cento, aínda que existen moitas diferenzas entre os niveis hídricos das distintas instalacións. Así, a presa de Cachamuña, que abastece Ourense, está ó 6,4% da súa capacidade, aínda que o abastecemento da cidade se completa "cando é necesario" cun bombeo directo desde o río Miño.

En xeral, os encoros de uso consuntivo máis afectados pola falta de choivas son os do sur da comunidade. Ademais do caso de Ourense, o de Vilagarcía está ó 31,4 por cento e o do Salnés rolda o 40 por cento, igual que o da Coruña.

En torno ó 60 por cento están os que abastecen Vigo e Pontevedra, mentres que o de Forcadás, en Ferrol, supera o 80 por cento da súa capacidade. Esta ocupación tan baixa é consecuencia da escaseza de choivas rexistradas este outono na comunidade. Segundo os datos recollidos polas estacións de Meteogalicia máis próximas ás cidades galegas, no pasado mes de outubro só choveu un día en Pontevedra e Vigo, dous en Santiago, catro en Lugo e Ourense e seis na Coruña e Ferrol. ●

IRA ■ Os cidadáns do país africano pediron a pena de morte contra os chadianos inculpados no caso, e o cárcere para os franceses da Arca de Zoé

Poderían liberar os tres españois detidos no Chad nuns días

A liberación dos tres españois detidos no Chad podería ser cuestión de poucos días, segundo dixo onte o avogado defensor, Jean Bernard Padaré, quen confía en que sexa canto antes para que non queden no medio da crecente tensión política entre Francia e o Chad.

Padaré representa o piloto do avión da compañía española Girjet Agustín Rey, o copiloto Sergio Muñoz e o auxiliar de voo Daniel González, imputados por complicidade no intento de secuestro de 103 nenos por parte da organización non goberamental francesa Arca de Zoé.

Padaré, que onte presentou unha solicitude de liberdade provisional en favor dos tres tripulantes españois, explicou que se declarou inocente e que "non entenden a razón do seu encarceramento", especialmente tras a liberación das súas catro compañeiras, as azafatas Sara López, Tatiana Suárez, Carolina Jean e Mercedes Calleja.

As tripulantes, xunto con tres xornalistas franceses tamén detidos ó principio, saíron de prisión e abandonaron o país o domingo pasado no avión do presidente francés Nicolás Sarkozy, quen fixo unha visita lóstrego a este país.

Precisamente, esa viaxe de Sar-

kozy e posteriores declaracións súas na que asegura que regresará a Chad para levar o resto dos franceses, indignaron os políticos, a maxistratura e o conxunto da poboación de Chad.

Sarkozy declarou onte que "regresará a Chad para levar os franceses, a pesar do que fagan", e inclínase a que os seus compatriotas sexan xulgados en Francia, ó amparo dun acordo xudicial entre os dous países.

As palabras de Sarkozy despertaron a ira dos cidadáns, que onte se amorearon ás portas do Palacio de Xustiza para pedir a pena de morte contra os catro chadianos inculpados no caso por complicidade, e o cárcere para os franceses membros da Arca de Zoé.

Todos protestan por ese anuncio do presidente francés e o seu xeito de expresarse, recordando que o colonialismo francés concluíu hai máis de medio século.

Os máis molestos parecen os maxistrados chadianos, polo que consideran unha inxerencia francesa nos asuntos internos do país africano.

"Polo menos -di Padaré-, nin a poboación nin os funcionarios do Estado asociaron directamente os españois cos franceses". ● EFE

ACOSO ■ Na Administración As mulleres de entre os 30 e 45 anos son as principais afectadas

O 'mobbing' causa o 60 por cento das baixas por depresión

O presidente da Plataforma da Comunidade de Madrid contra os Riscos Psicosociais e a Discriminación Laboral (Pridicam), Carlos Sanz, asegurou onte que o 60 por cento das baixas que se producen na Administración por depresión se deben a 'mobbing', e os máis afectados son mulleres de entre 30 e 45 anos.

Carlos Sanz fixo estas declaracións durante un acto de irmandamento entre as plataformas das comunidades autónomas de Madrid e Castela-A Mancha contra os riscos psicosociais e a discriminación laboral, que se celebrou no campus de Toledo da Universidade de Castela-A Mancha (UCLM).

Sanz explicou que de 2004 a 2007, a plataforma de Madrid atendeu moitos casos de persoas

afectadas por 'mobbing' en Castela-A Mancha e "por este motivo decidimos crear unha plataforma castelán-manchega", e adiantou que en 2008 crearán outra en Castela e León, "para así poder constituir a Federación de Plataformas dos Riscos Psicosociais e a Prevención de Riscos Laborais na España Interior".

Benito Yáñez destacou que o 'mobbing' é a enfermidade do século XXI. "ata o punto que leva a moitos dos acosados ó suicidio" e por iso "hai que pór máis énfase na prevención". Ten a súa oíxe nas relacións laborais, e "prodúcese cando as testemuñas calan e se voíven mudas ante un acoso lento que é moi doloroso pola sutileza do acosador", sinalou David González. ● EFE